

Setembro de 2018



PLANO DE ACTUACIÓN

Departamento de Orientación
Ano académico 2018–2019

Índice

1.- Introducción.

2.- Xustificación baseada no contexto.

2.1.- Marco teórico-legal.

2.2.- Marco contextual.

3.- Obxectivos.

4.- Planificación xeral e accións prioritarias.

5.- Estratexias de intervención.

6.- Actividades extraescolares e complementarias.

7.- Contribución á adquisición das competencias clave.

8.- Criterios de avaliación do plano de actuación.

Anexo I: Plan Xeral de Atención á Diversidade.

1.- Introducción

Un dos alicerces básicos de todo sistema educativo é o relativo á mellora da calidade do ensino, mellora que se apoia nunha serie de factores entre os que figura a ***Orientación Educativa e Profesional***.

Dita orientación realízase dende:

- a) O espazo de ***titoría***, a nivel de aula.
- b) O ***Departamento de Orientación***, a nivel de centro docente.
- c) E dende os Equipos de Sector, a nivel de zona ou distrito escolar, equipos que en Galicia non existen aínda que si se conta cos ***Equipos de Orientación Específicos*** de ámbito provincial.

Por outra banda, os ámbitos de actuación da mencionada Orientación Educativa e Profesional son catro:

- ***A organización escolar***
- ***A atención á diversidade***
- ***A acción titorial***
- ***E a orientación académica e profesional***

sendo os/as axentes destinatarios/as de dita actuación: o alumnado, o profesorado, os pais e nais do alumnado, e a comunidade educativa en xeral.

Con todo isto, continuase co impulso dado á orientación nas últimas décadas, sobre todo no que á presenza de Departamentos de Orientación nos centros docentes se refire. Dito departamento, obviamente, está presente nos Institutos de Educación Secundaria (IES), actuando en coordinación constante tanto co profesorado (especialmente con aquel que exerza funcións de titoría) como co Equipo Directivo do centro (e máis concretamente coa Xefatura de Estudos), así como cos Equipos de Orientación Específicos, e incluíndonásúa actuación aos catro ámbitos antes sinalados que, ademais de complementarse mutuamente, en ocasións superporanse uns aos outros.

Tendo en conta todo o mencionado, o Departamento de Orientación elaborará un **Plan de Actuación** de carácter anual, atendendo ás circunstancias, características e necesidades que presente o centro ao que pertence, así como aqueles outros que lle resulten adscritos, no ámbito da Orientación Educativa e Profesional.

2.1.- Marco teórico-legal.

As actuacións que se leven a cabo dende o Departamento de Orientación partirán en todo caso do sinalado nas disposicións legais seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE do 4 de maio).
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (BOE do 10 de decembro).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, e se regula o seu currículo (DOG do 21 de xullo).
- Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 4 de agosto de 2016).
- Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 18 de agosto).
- Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017–2018, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 8 de agosto).

- Orde ECD/462/2016, de 31 de marzo, pola que se regula o procedementodeincorporación do alumnado a un curso de Educación Secundaria Obrigatoria ou de Bacharelato do sistema educativo definido pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, con materias non superadas do currículo anterior á súa su implantación (BOE do 5 de abril).
- Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (DOG do 9 de agosto), artigos do 53º ao60º.
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG do 2 de setembro), artigos 49º, 50º e 53º, e do 63º ao68º.
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de abril).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG do 31 de xullo).
- Outras disposicións relevantes para o traballo a desenvolver polo departamento en cuestión, como por exemplo:
 - Decreto229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación(DOG do 21 de decembro).
 - Orde do 6 de outubro de 1996 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG do 7 de novembro).
 - Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e, se establece o

procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG do 19 de decembro).

- Etc ...
- E todas aquelas disposicións que desenvolven o establecido nas normas aquí numeradas.

Tamén cabe sinalar que o modelo de orientación que se segue, ademais de partir do disposto na normativa antes mencionada, está en concordancia coas liñas directrices establecidas no Proxecto Educativo do Centro (PEC). Así, as **liñas básicas** que guiarán o labor a desenvolver polo Departamento de Orientación serán:

- a) A orientación supón un **contínuum** que se inicia coa escolarización do alumno/a e finaliza ao rematar este/a o ensino non universitario.
- b) A orientación téndese como unha **tarefa educativa máis que** debe estar plenamente integrada no deseño curricular seguido polo centro.
- c) Trátase dunha **tarefa cooperativa** , competencia de todo o profesorado, e en especial do profesorado-titor e do propio Departamento de Orientación.
- d) Orientar supón **educar para a vida e educar na capacidade de tomar decisións** , é dicir, contribuír á adquisición das denominadas **competencias clave** .
- e) A orientación susténtase nos **principios de** :
 - **Prevención** : a orientación coma un dereito de todo educando en todo momento, e non só ante unha problemática específica.
 - **Desenvolvemento** : o alumnado na súa interacción co medio vai estruturando as súas capacidades, habilidades e destrezas e maila súa personalidade; trátase, en suma, de crear un contexto motivador que estimule eses cambios.
 - **Eintervención social** : a intervención orientadora non debe ter en conta só ao individuo, senón que debe dirixirse ao contexto educativo e social no que aquel se desenvolve.
- f) E, finalmente, coa orientación preténdese contribuír ao **desenvolvemento integral** do alumnado.

2.2.- Marco contextual.

O Plano de Actuación aquí presentado corresponde ao Departamento de Orientación do **IES "Praia Barraña" de Boiro**.

Sobre dito IES pódese sinalar que é un dos tres centros de ensino secundario existentes no Concello de Boiro, situado nas Rías Baixas galegas, na denominada Comarca do Barbanza.

A localidade na que se sitúa o centro é unha vila costeira estreitamente ligada ás actividades marítimo–pesqueiras, que constitúen o núcleo principal da súa economía. A pesca, a industria conserveira e o marisqueo son as actividades laborais máis destacadas que ocupan aos seus habitantes, aínda que comeza a gañar peso na súa economía sobre todo o sector servizos, todo elo debido ás grandes posibilidades turísticas dunha zona que se encontra en constante expansión.

Con todo isto, o nivel socioeconómico da poboación pódese considerar coma medio-alto, grazas sen dúbida a que a vila se encontra nunha das zonas de maior dinamismo tanto económico coma demográfico da Comunidade Galega.

O IES "Praia Barraña" é un centro de titularidade pública no que se escolarizan aproximadamente 470 alumnos/as, procedentes das distintas localidades que integran o concello (a presenza de alumnado doutros termos municipais pódese considerar coma residual).

A oferta académica do centro abarca as seguintes etapas educativas:

- Educación Secundaria Obrigatoria.
- Bacharelato, nas modalidades de:
 - Artes.
 - Humanidades e Ciencias Sociais.
 - Ciencias.
- Unidade de Educación Especial.

Á oferta educativa descrita, hai que engadir a especial atención que no centro se intenta prestar dende fai anos á **atención á diversidade**, ou en outras palabras, á atención individualizada das necesidades que presenta o alumnado, intervención que se realiza a través do desenvolvemento de diversas medidas como son: as medidas de adaptación do currículo (reforzo educativo e adaptación curricular) e os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR).

Ademais do xa sinalado, convén apuntar outros aspectos:

- a) O Departamento de Orientación xa ven de funcionar en anos anteriores, levando a cabo unha importante labor sobre todo en relación coa orientación académica do alumnado de cursos superiores (enténdase, especialmente, alumnado de Bacharelato e de 3º e 4º cursos de ESO), e o traballo a desenvolver en relación cos/as rapaces/as con necesidades específicas de apoio educativo.
- b) Para o presente ano académico 2017–2018, os/as compoñentes do mesmo serán os que seguen:
 - Xefe do Departamento: **Miguel Ángel Saá Ramos**.
 - Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica: **Mª Isabel Sánchez Fernández**.
 - Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica destinada á Unidade de Educación Especial: **María Lago Calo** (aínda que compartirá o seu horario de docencia co IES “A Cachada”, situado en Boiro – A Coruña).
 - Mestra especialista en Audición e Linguaxe destinada á Unidade de Educación Especial: **Mª José Vila Tubío** (aínda que compartirá o seu horario de docencia co CEIP “Praia Xardín”, situado en Boiro – A Coruña, sendo este último o seu centro base).
 - Profesora-titora do ámbito científico-técnico: **Mª Belén Arrojo Arrojo**.
 - Profesor-titor do ámbito lingüístico e social: **Juan Carlos Couto Vázquez**.

- c) Tanto o Plan de Acción Titorial (PAT), como o Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP) encontrase en fase de posta en práctica, aínda que precisan dunha continua revisión de cara a mellorar a unha mellor adaptación ás características do alumnado do centro.
- d) Pola súa banda, o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) encontrase en fase de elaboración e concreción.
- e) O centro conta con unha Unidade de Educación Especial, na que para o presente ano académico se escolarizarán dous alumnos afectados por Síndrome de Down, e outros/as dous alumnos/as con importante déficit cognitivo.
- f) Entre o alumnado, os maiores problemas sitúanse na falta de hábitos de estudo, falta de hábito lector (que arrastra consigo problemas a nivel de expresión, comprensión, razoamento,...) e a existencia de ambientes familiares problemáticos. Así mesmo, tanto o posible consumo de drogas por parte dos/as rapaces/as como un uso inapropiado das TICs son aspectos que preocupan tanto ao profesorado como aos pais/nais.

3.- Obxectivos

Tendo en conta todo o sinalado ao longo do punto anterior, os **obxectivos xerais** que se perseguirán dende o Departamento de Orientación deste centro durante o presente ano académico 2017–2018 serán os seguintes:

- a) Contribuír á individualización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa concreta e individualizada.
- b) Prever as dificultades na aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan.
- c) Contribuír á consecución dunha axeitada relación entre os/as distintos/as integrantes da comunidade educativa.
- d) Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e, dun sistema de valores.
- e) Resaltar os aspectos orientadores da educación: orientación en e para a vida.

Co traballo que se pretende levar a cabo ao redor destes obxectivos xerais inténtase abarcar tres **dimensións fundamentais do alumnado** como son:

- **Persoal e familiar**, entendendo ao/á alumno/a como persoa individual que forma parte dunha familia.
- **Escolar e social**, entendendo ao/á alumno/a como persoa que interactúa con outros/as e que debe integrarse na sociedade.
- **E vocacionale profesional**, entendendo ao/á alumno/a como unha persoa que diseña o seu propio proxecto de vida e se prepara para a súa inserción profesional.¹

¹En resumo, dende o Departamento de Orientación pretendese seguir un modelo de intervención que podería denominarse **Orientación Sociopsicopedagóxica**.

4.- Planificación xeral e accións prioritarias

Os obxectivos antes mencionados desenvolveranse ao longo de todo o ano académico por medio de diversas actuacións, das que se poden destacar a nivel xeral as seguintes:

Primeiro trimestre

- Constitución do Departamento de Orientación.
- Revisión e, se procede, presentación da oportunas propostas de modificación do PAT e do POAP².
- Revisión e, se procede, modificación da concreción do PXAD.
- Revisión e, se procede, actualización dos informes que poda presentar o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo escolarizado no centro.
- Organización e coordinación da labor á desenvolver durante o presente ano académico polos/as especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, especialmente no que se refire ás tarefas a realizar dentro da Unidade de Educación Especial con que conta o centro.
- Coordinación, xunto coa Xefatura de Estudos, do traballo a desenvolver polo profesorado-titores cos seus respectivos/as titorandos/as.
- Colaboración no desenvolvemento do PAT, POAP, e da concreción do PXAD.

Segundo trimestre

- Avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (continuación) e, proposta das medidas curriculares oportunas.
- Aplicación de programas de intervención específicos en función das necesidades detectadas ao longo do trimestre anterior.
- Establecemento de contactos periódicos cos responsables da orientación no centro adscrito ao IES.
- Atención ás demandas que podan ir xurdindo por parte de calquera membro da comunidade educativa.
- Colaboración no desenvolvemento do PAT, POAP, e da concreción do PXAD (continuación).

²Estes dous planos están recollidos, tal e como se sinala na normativa vixente ao respecto, no PEC.

Terceiro trimestre

- Aplicación de programas de intervención específicos(continuación).
- Colaboración no desenvolvemento do PAT, POAP, e da concreción do PXAD(continuación).
- Proposta das medidas curriculares que se consideren máis oportunas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo(continuación).
- Identificación e elaboración dun pequeno informe de todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que se podan incorporar ao centro no vindeiro ano académico, todo elo en colaboración cos responsables dos centros de procedencia.
- Análise e avaliación do traballo desenvolto a longo do ano académico, así como detección das necesidades que no ámbito da orientación será preciso solucionar no futuro, establecendo as liñas prioritarias de traballo a seguir en vindeiros cursos.

A todas estas actuacións é preciso engadir outras que, ao posuír un carácter máis xeral, non se poden circunscribir a un período de tempo específico. Trátase, en concreto, de actuacións coma as seguintes:

- Dotación do Departamento de Orientación de todos aqueles recursos técnicos e materiais que se consideren oportunos e necesarios.
- Participación do Departamento de Orientación na revisión e, se procede modificación do PEC, en particular naqueles apartados do mesmo máis relacionados co ámbito da Orientación Educativa e Profesional.
- Participación no desenvolvemento do: Plano de Convivencia, Proxecto Lector, Proxecto de Introducción das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, Proxecto Lingüístico, Proxecto Interdisciplinar.
- Establecemento de contactos cos servizos educativos, sociais, culturais,... presentes no contorno en que se sitúa o centro de cara ao desenvolvemento de accións conxuntas.
- Participación e colaboración na planificación, desenvolvemento e avaliación das actuacións que se podan desenvolver en atención ao establecido na *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa* (DOG do 15 de xullo).

- Participación e colaboración na planificación, desenvolvemento e avaliación das accións derivadas do disposto no *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (DOG do 21 de decembro)*, entre as que figura o deseño e desenvolvemento do denominado *Plan Xeral de Atención á Diversidade*.
- Participación e colaboración na planificación, desenvolvemento e avaliación das accións derivadas do disposto na *Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017–2018, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 8 de agosto)*.
- E asesoramento e apoio, tanto colectivo coma puntual/individual, aos distintos colectivos que constitúen a comunidade educativa.

Convén sinalar que as accións aquí enumeradas constitúen, como o seu propio nome indica, liñas xerais de actuación que será preciso concretar ao longo do curso e, que no seu desenvolvemento, abranguen os catro ámbitos de actuación da Orientación Educativa e Profesional xa mencionados con anterioridade:

- A organización escolar.
- A acción tutorial.
- A atención á diversidade.
- E a orientación académica e profesional.

5.- Estratexias de intervención

No desenvolvemento das liñas de actuación antes expostas, o Departamento de Orientación recorrerá, segundo demande o caso, a estratexias diversas de intervención como poden ser:

- Emprego de: cuestionarios, técnicas grupais, entrevistas, observación, revisión de documentación, probas de avaliación psicopedagóxica, etc.
- Aplicación e seguimento de programas diversos, tanto de elaboración propia como xa publicados: de técnicas de traballo intelectual, de comprensión lectora, de orientación académica e profesional, etc.
- Realización de reunións informativas tanto co alumnado, coma cos pais/nais do mesmo.
- Realización de reunións de coordinación cos distintos grupos de profesores/as.
- Establecemento de contactos e coordinación con outros servizos externos ao centro: outros Departamentos de Orientación, Servizo de Inspección Educativa, Equipo de Orientación Específico, Servizos Sociais do Concello, Servizos Sanitarios (unidade de atención a adictos/as ás drogas, por exemplo), etc.
- E asesoramento e intervención individualizada.

Todas estas estratexias deberán partir da base constituída polos postulados presentados dende:

- O **enfoque constructivista** das aprendizaxes escolares e da intervención pedagóxica.
- E dende o **enfoque sistémico** da intervención psicopedagóxica.

Así mesmo, para o desenvolvemento de todas as estratexias mencionadas, faise necesario contar con diversidade de recursos técnicos e materiais, que se irán adquirindo segundo as necesidades que vaian xurdindo ao longo de todo o curso (tal e como xa se indicou no punto 4 do presente plano de traballo).

6.- Actividades extraescolares e complementarias

Atendendo ao disposto no artigo 61º do *Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (DOG do 9 de agosto)*, terán carácter de **complementarias** aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que empregan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

Así mesmo, no seu artigo 62º, o citado *Decreto 324/1996* sinala que terán carácter de **extraescolares** aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

Tendo en conta estas disposicións, dende o Departamento de Orientación do centro, ao igual que en anos académicos anteriores, deseñaranse e desenvolveranse para o presente ano académico 2017–2018 un conxunto de actividades complementarias e extraescolares coa finalidade de complementar as accións previstas no punto 4 do presente Plan de Actuación.

No momento de presentar o presente Plan de Actuación non se deseñara dito conxunto de actividades, feito polo que non se poden enumerar. En canto se realice esta tarefa pendente, as actividades complementarias e extraescolares previstas recolleranse convenientemente no libro de actas do departamento, tendo en conta en todo momento que a listaxe de actividades que inicialmente se presente pode sufrir modificacións segundo avance o ano académico e se confirme ou non o seu desenvolvemento.

Así mesmo, cabe sinalar que o alumnado escolarizado na Unidade de Educación Especial existente no centro integrárase, sempre que as circunstancias así o permitan, en actividades complementarias e extraescolares dirixidas ao alumnado escolarizado nas aulas ordinarias, independentemente de que se deseñen e organicen actividades de carácter máis específico para este grupo de alumnos/as.

E finalmente indicar que, do mesmo xeito que en anos anteriores, para o presente ano académico 2017–2018, o Departamento de Orientación comprométese a colaborar coa denominada "*V Sema Temática*" que se desenvolverá no centro. Para esta colaboración procurárase o deseño e desenvolvemento dalgunha actividade complementaria e/ou extraescolar.

7.- Contribución á adquisición das competencias clave

Tendo en conta que a finalidade da etapa educativa de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, especialmente nos aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns, no artigo 3º do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG do 29 de xuño) sinálanse unha serie de **competencias clave** cuxa correcta adquisición necesariamente deberá contribuír ao cumprimento da finalidade antes sinalada.

Dito con outras palabras, o fin último da ESO é, partindo do traballo realizado con anterioridade na etapa de Educación Primaria, contribuír á adquisición por parte do alumnado das denominadas **competencias clave**, a saber:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (AA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Entendendo que unha competencia clave é, tal e como se recolle no antes sinalado *Decreto 86/2015*, a capacidade para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos, as actuacións deseñadas e desenvoltas dende o Departamento de Orientación non deberán ser alleas á adquisición destas competencias clave por parte do alumnado, e deberán contribuír á mesma do mesmo xeito que o poden facer as actuacións desenvoltas por parte de calquera outro Departamento Didáctico.

8.- Criterios de avaliación do Plano de Actuación

Todo programa ou plano precisa ser avaliado para así coñecer o grao de consecución dos obxectivos previstos no mesmo, identificando os acertos e os erros cometidos e, propoñendo posibles melloras de cara a unha intervención futura.

En dita avaliación non se debe caer no erro de avaliar persoas concretas, xa que o que se pretende é valorar o plano de traballo seguido no seu conxunto: obxectivos, actividades, estratexias, medios,... Ademais, trátase dunha avaliación que non se reduce a un momento determinado ou puntual, senón que debe impregnar o desenvolvemento do plano mesmo nas súas distintas fases.

Con isto, de cara a avaliación do Plano de Traballo do Departamento de Orientación do centro, teranse en conta:

- As observacións realizadas dende o propio departamento por parte de todos/as e cada un dos seus membros.
- As suxestións e información provenientes do profesorado, alumnado e pais/nais destes últimos/as.
- E as valoracións de instancias externas ao centro como poden ser o Servizo de Inspección Educativa ou o Equipo de Orientación Específico.
- Así mesmo, poderase recorrer ao emprego de grellas de avaliación, mediante as que poder medir o grao de satisfacción que presentan os distintos/as afectados/as polas intervencións deseñadas e desenvoltas dende o departamento.

E como ***criterios de avaliación concretos*** teranse en conta os constituídos polas seguintes cuestións:

- Revisouse e continuouse coa posta en marcha o PAT, o POAP e o PXAD?.
- Actualizáronse os informes do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo escolarizado no centro?.

- Propuxéronse as medidas curriculares máis axeitadas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo?.
- Conseguiuse dotar ao departamento (incluída a Unidade de Educación Especial) do material para o desenvolvemento de todas as tarefas que dende o mesmo se deben levar a cabo?.
- A coordinación da labor orientadora co centro adscrito ao IES foi a máis axeitada?.
- Conseguiuse dar resposta a todas as demandas recibidas por parte do departamento? Con que grao de éxito?.
- Etc...

A todas estas cuestións íranse engadindo ao longo do curso outras moitas en base ao traballo que se vaia desenvolvendo e aos logros que se podan ir acadando, tanto a nivel xeral como dende os diferentes ámbitos de intervención do Departamento de Orientación en particular.

En calquera caso, non se debe perder de vista que este Plano de Actuación constitúe dende un primeiro momento unha proposta flexible que se deberá ir adaptando ás demandas, necesidades, circunstancias,... que podan ir xurdindo ao longo do curso.

Boiro, a 14 de setembro de 2017.³



Asdo.: Miguel Ángel Saá Ramos
Xefe do Departamento de Orientación



Asdo.: Mª Isabel Sánchez Fernández
Mestra especialista en Pedagogía
Terapéutica



Asdo.: Mª José Lago Calo
Mestra especialista en Pedagogía
Terapéutica



Asdo.: Mª Belén Arrojo Arrojo ⁴
Profesora-titora do ámbito
científico-técnico

Asdo.: Juan Carlos Couto Vázquez
Profesor-titor do ámbito
lingüístico e social

³ Asinan o presente Plano de Traballo os integrantes do Departamento de Orientación con centro de destino no propio IES “Praia Barraña” de Boiro (A Coruña)

⁴ No momento de presentar o presente Plan de Actuación, a profesora Mª Belén Arrojo Arrojo encontrase desfrutando dun permiso por maternidade.

AnexoI:

**Plan Xeral de
Atención á Diversidade
(proposta de concreción anual)**

1.- Razón de ser do plan.

2.- O apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.

3.- Necesidades detectadas no centro.

4.- Obxectivos.

5.- Accións a desenvolver.

6.- Programación específica de Pedagogía Terapéutica.

7.- Programación específica de audición e linguaxe.

8.- Estratexias e recursos.

9.- Avaliación do plan.

1.- Razón de ser do plan

O traballo a desenvolver polo Departamento de Orientación abarca catro ámbitos de actuación distintos aínda que complementarios entre si:

- A organización escolar.
- O apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- A acción tutorial.
- E a orientación académica e profesional.

Para un correcto e bo desenvolvemento da orientación no centro escolar faise aconsellable que cada un destes ámbitos se concrete nunha serie de actuacións concretas ou, de ser o caso, nun plan de traballo específico, no que se dean a coñecer as necesidades, obxectivos, actividades,... posibles a subsanar, acadar e desenvolver.

Neste caso concreto, e atendendo ao disposto no *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación* (DOG do 21 de decembro), presentase a proposta de concreción anual do **Plan Xeral de Atención á Diversidade** (PXAD) prevista para o ano académico 2017–2018.

2.- O apoio ao proceso de ensino–aprendizaxe

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) (BOE do 4 de maio) no Capítulo I do Título Preliminar establece os principios e fins do sistema educativo. Entre os principios que o inspiran destacan:

- A calidade da educación para todo o alumnado.
- A equidade, a inclusión educativa e a non discriminación.
- A concepción da educación ao longo de toda a vida.
- A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado.
- A orientación educativa e profesional do alumnado.
- O esforzo compartido por alumnado, nais, pais ou titoras e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- E a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares.

Mediante eses principios trátase de conseguir o éxito escolar de todo o alumnado.

No propio Título II da referida LOE, dedicado á equidade na educación, establécese que as Administracións Educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

Igualmente, dispónese que as administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperada as necesidades educativas específicas do alumnado. A atención integral deberá iniciarse desde o momento da identificación e tendo como principios a normalización e a inclusión, e que, para facer efectivo o principio de igualdade no dereito á educación, desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables, tratando de evitar as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

A **diversidade**, pois, é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo. Realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na individualización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

En definitiva, concíbese a **atención á diversidade**, tal e como se recolle no xa mencionado *Decreto 229/2011*, como:

"O conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado"

O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo tales como:

- Necesidades educativas especiais.
- Dificultades específicas de aprendizaxe.
- Altas capacidades intelectuais.
- Incorporación tardía ao sistema educativo.
- Ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moito desfavorables.

A atención deste alumnado deberá axustarse, entre outros, aos principios de:

- Normalización e inclusión.
- Equidade.
- Igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Flexibilidade e accesibilidade.
- Interculturalidade e promoción da convivencia.
- Autonomía dos centros docentes.
- E participación de toda a comunidade educativa.

3.- Necesidades detectadas no centro

Logo da correspondente análise da situación existente no centro no que ao ámbito da atención á diversidade se refire, pódense destacar con relación ao mesmo as seguintes necesidades⁵:

Nivel	Medidas de atención á diversidade ⁶				Observacións
	ExFr	RE	AC	PMAR	
1º ESO	16	12	1	--	--
2º ESO	11	11	--	--	--
3º ESO	--	2	--	8	--
4º ESO	--	1	--	--	--
Educación Especial	--	--	4	--	As necesidades educativas especiais deste alumnado son múltiples e variadas.

Ás medidas contabilizadas na táboa anterior hai que engadir o seguinte:

- No segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria permanecerá escolarizado ao longo presente ano académico un alumno con problemas de audición.
- No segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria permanecerá escolarizada ao longo presente ano académico dúas alumnas con altas capacidades.
- No segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria permanecerá escolarizado ao longo presente ano académico un alumno afectado por *Síndrome de Asperger*.
- No segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria permanecerá escolarizada ao longo presente ano académico un alumno que presenta importantes problemas de conduta.
- No terceiro curso (grupo PMAR) da Educación Secundaria Obrigatoria permanecerá escolarizada ao longo do presente ano académico unha alumna de etnia gitana.

⁵ExFr: exención da materia de Segunda Lingua Estranxeira (Francés). RE: reforzo educativo. AC: adaptación curricular. PMAR: Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento. Educación Especial: aula específica de educación especial.

⁶Indicase o número de alumnado que inicialmente participarán de cada unha das medidas de atención á diversidade sinaladas. Hai que ter en conta que un mesmo/a alumno/a pode estar contabilizado para diferentes medidas ao mesmo tempo.

- No terceiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria permanecerá escolarizada ao longo do presente curso unha alumna con problemas de amnesia.
- No cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria permanecerá escolarizada ao longo do presente ano académico unha alumna con altas capacidades.
- No primeiro curso do Bacharelato permanecerán escolarizados/as ao longo do presente ano académico un alumno e unha alumna con altas capacidades.
- Escolarización ao longo dos diferentes niveis da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato de alumnado afectado por Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH).
- Escolarización ao longo das diferentes etapas educativas ofertadas no centro de alumnado procedente de Sudamérica que, en xeral, amosan notable retraso escolar respecto do seu grupo de referencia.
- Así mesmo, hai que contar coa necesidade de Reforzo Educativo que ao longo do curso poida presentar outro alumnado diferente ao xa contabilizado (especialmente no caso do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo español).
- Constátase por parte do profesorado do centro que o alumnado do mesmo presenta un nivel bastante baixo no que ás materias instrumentais básicas se refire.
- Aos puntos anteriores hai que engadir a escolarización, na modalidade de Unidade de Educación Especial, de dous alumnos afectados por Síndrome de Down, e outros/as dous con importante déficit cognitivo.

4.- Obxectivos

En vista de todo o que se sinalou con anterioridade, e vendo as posibilidades que dende o propio centro se ofrecen para traballar no ámbito da atención á diversidade, propóñense os seguintes obxectivos de cara á súa consecución ao longo do ano académico 2017–2018:

- a) Facilitar a integración/inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tanto a nivel de grupo-clase como a nivel decentro.
- b) Facilitar a integración/inclusión do alumnado procedente do estranxeiro que se poda incorporar ao centro.
- c) Organizar os momentos nos que se leve a cabo unha intervención específica para con determinado alumnado, xa sexa dentro ou fora da aula ordinaria, ben por medio de medidas ordinarias ou por outras cun carácter máis extraordinario.
- d) Asesorar e orientar ao profesorado de cara á atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: elaboración de Adaptacións Curriculares, proposta de traballo específico, realización de avaliacións, cumprimento dos documentos oficiais,...
- e) Revisar, e se procede modificar, as medidas de atención á diversidade desenvolvidas no centro.
- f) Realizar, cando así se considere oportuno, as pertinentes avaliacións psicopedagóxicas, e propor as medidas de atención que se consideren máis oportunas atendendo aos resultados das mesmas.
- g) Informar tanto ás familias como ao profesorado correspondente das medidas de atención a desenvolver para con certo alumnado, e solicitar a súa colaboración cando así se estime oportuno.
- h) Manter reunións periódicas cos pais/nais do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de cara ao intercambio de información sobre o mesmo.

- i) Manter reunións periódicas co profesorado que atende ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de cara a analizar, e se procede modificar, o traballo que se estea a desenvolver co mesmo.
- k) Presentar pautas destinadas á prevención de posibles dificultades de aprendizaxe por parte do alumnado, especialmente nas áreas instrumentais básicas (traballo relacionado coas técnicas de traballo intelectual).

5.- Acci3ns a desenvolver

Atendendo aos obxectivos que se veñen de presentar consideramos que de cara 3 consecuci3n dos mesmos 3 recomendable seguir a seguinte secuencia de actuacións:

Acci3ns previstas	Axentes	Temporalizaci3n
Recollida, an3lise e toma de decisi3ns en base aos informes psicopedag3xicos remitidos dende o CEIP adscrito ao IES.	- Xefe do Depto. deOrientaci3n - Profesorado de PT eAL	Setembro / outubro
Revisi3n, e se procede modificaci3n, das medidas de atenci3n 3 diversidade existentes no centro (RE, AC, PMAR,...).	- Xefe do Depto. deOrientaci3n - Profesorado de PT eAL - Profesoradoimplicado - Xefatura deEstudios	Setembro / outubro / e en xeral ao longo de todo o curso
Colaboraci3n no desenvolvemento e avaliaci3n das medidas de atenci3n 3 diversidade existentes no centro (RE, AC, PMAR,...).	- Xefe do Depto. deOrientaci3n - Profesorado de PT eAL - Profesoradoimplicado - Xefatura deEstudios	Ao longo de todo o curso
Realizaci3n de xuntanzas co profesorado que atende ao alumnado con necesidades especifcas de apoio educativo.	- Xefe do Depto. deOrientaci3n - Profesorado de PT eAL - Profesoradoimplicado - Xefatura deEstudios	Ao longo de todo o curso
Participaci3n na avaliaci3n do alumnado con necesidades especifcas de apoio educativo.	- Xefe do Depto. deOrientaci3n - Profesorado de PT eAL - Profesoradoimplicado	Ao longo das diferentes sesi3ns de avaliaci3n
Realizaci3n de xuntanzas coas familias do alumnado con necesidades especifcas de apoio educativo.	- Xefe do Depto. deOrientaci3n - Profesorado de PT eAL - Profesoradoimplicado	Ao longo de todo o curso
Traballo en pro da prevenci3n das dificultades de aprendizaxe.	- Xefe do Depto. deOrientaci3n - Profesorado enxeral	Ao longo de todo o curso (sobre todo durante as sesi3ns de titoria)
Realizaci3n das avaliaci3ns psicopedag3xicas que se consideren necesarias e proposta das correspondentes medidas de atenci3n.	- Xefe do Depto. deOrientaci3n	Ao longo de todo o curso (segundo demanden as circunstancias)
Identificaci3n do alumnado con necesidades especifcas de apoio educativo que en cursos vindeiros se poden incorporar ao IES.	- Xefe do Depto. deOrientaci3n - Profesorado de PT eAL - Depto. de Orientaci3n do CEIP adscrito aoIES	Maio / xuño
Cumprimento da documentaci3n oficial do alumnado que recibise medidas RE e/ou de AC.	- Xefe do Depto. deOrientaci3n - Profesorado de PT eAL - Profesoradoimplicado	Maio / xuño
Establecemento de contactos con especialistas, servizos externos ao centro, organizaci3ns,...	- Xefe do Depto. deOrientaci3n	Dependendo das necesidades e demandas existentes en cada momento

A todas estas actuacións é preciso engadir outras que, debido ao seu carácter xeral, non se poden concretar nun período de tempo específico. Trátase, en concreto, de actuacións coma as seguintes:

- Participación na planificación, desenvolvemento e avaliación das accións derivadas do disposto na *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (DOG do 21 de decembro)*.
- Participación na planificación, desenvolvemento e avaliación das actuacións que se podan desenvolver en atención ao establecido na *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa (DOG do 15 de xullo)*.

6.- Programación específica de Pedagogía Terapéutica

No que ao traballo a desenvolver no ámbito da Pedagogía Terapéutica se refire, hai que sinalar dous que o mesmo se centrará en dúas tarefas concretas:

- a) Por unha banda, sitúase a traballo a desenvolver co alumnado escolarizado na **Unidade de Educación Especial** existente no centro, unidade na que actualmente se contan escolarizados catro alumnos/as que contan cos respectivos Documentos Individuais de Adaptación Curricular (DIAC).

Precisamente será o DIAC de cada alumno/a o que guíe o traballo a desenvolver con cada un/unha deles/as, convenientemente complementado co traballo específico que se deberá realizar dentro do ámbito da Audición e Linguaxe.

- b) E por outra banda, encontrase o traballo a desenvolver co alumnado escolarizado nas **aulas ordinarias** que, debido ás necesidades específicas de apoio educativo detectadas, poda precisar de atención específica e individual por parte do profesorado especialista na campo da Pedagogía Terapéutica.

Para o caso concreto das actuacións derivadas da atención que sexa necesario dispensar ao alumnado escolarizado nas aulas ordinarias por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, establécense os seguintes criterios xerais para a organización de ditas actuacións:

1. Alumnado ao que se dirixe esta atención:

- En primeiro lugar, será susceptible de recibir medidas de atención á diversidade por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) aquel alumnado que, contando co correspondente informe psicopedagóxico, conte con unha Adaptación Curricular (AC).

- En segundo lugar, poderase beneficiar deste tipo de medidas de apoio o alumnado que, contando co oportuno informe psicopedagóxico, precisen de medidas de Reforzo Educativo(RE).
- No caso do alumnado que no posúa o citado informe, poderáselles ofertar a atención á que se está a facer referencia no caso de ter que traballar co mesmo aspectos moi concretos que, debido as súas características, non poden ser desenvolto polo profesorado ordinario e/ou precisan dunha atención máis individualizada que a recibida polo resto de alumnado.
- A decisión de que un/unha alumno/a sexa atendido/a por parte do profesorado de PT será tomada de forma conxunta polo profesorado que atende ao alumno/a en cuestión, o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos docentro.

2. Horas de asistencia:

- As horas de atención individualizada a recibir por parte dun/dunha alumno/a concretaranse segundo as necesidades e circunstancias concretas de cada caso.
- Procurarase atender aos seguintes criterios xerais:
 - Ante medidas de RE: atención de unha hora semanal na materia.
 - No caso de medidas de AC: atención de 1 ou 2 horas semanais dependendo da carga lectiva da materia.
- En ningún caso se apoiará a un/unha alumno/a durante totalidade do horario pertencente a unha mesma materia.

3. Materias de atención prioritaria:

- Enténdense como materias de atención prioritaria á hora de establecer medidas de atención á diversidade por parte do profesorado de PT as seguintes:
 - Lingua Castelá e Literatura
 - Lingua Galega e Literatura
 - Matemáticas

- No extremo contrario, sitúanse como principios materias de integración, debido as características que presentan:
 - Educación Física
 - Educación Plástica, Visual e Audiovisual
 - Música
 - Ensinanzas de Relixión
- En todo caso, o que se procurará será atender ás características e circunstancias de cada caso en particular.

4. Autorización:

Con carácter inescusable, para que un/unha alumno/a poda recibir medidas de atención á diversidade que sexa preciso desenvolver fora da aula ordinaria, deberase contar coa oportuna autorización por escrito do pai / nai ou representante legal do mesmo/a.

5. Outras consideracións:

- Durante o horario no que o alumnado susceptible de atención individualizada por parte dos especialistas en PT se encontre integrado na aula ordinaria, será atendido a todos os efectos polo profesor/a ordinario da materia correspondente.
- Existe a posibilidade de desenvolver dentro da aula ordinaria, por parte do profesorado especialista en PT, as medidas de atención á diversidade que se estime oportuno, e sempre e cando as circunstancias particulares do caso a atender así opermitan.
- En calquera caso, o fin último que se perseguirá será o de acadar a maior integración do alumnado posible, procurando non interferir no seu correcto desenvolvemento.

7.- Programación específica de Audición e Linguaxe

Tal e como se sinalou con anterioridade, o centro conta con unha **Unidade de Educación Especial** na que actualmente se encontran escolarizados/as catro alumnos/as.

Ditos rapaces/as, entre outras, presentan notables dificultades de índole logopédica que é necesario traballar de forma individualizada por parte da especialista en Audición e Linguaxe destinada á aula á que se está facendo alusión.

Polo tanto, faise necesario establecer a programación específica que ao longo do presente ano académico 2017–2018 se vai a desenvolver con cada un dos/ alumnos/as, de xeito que se atenda ás súas características e necesidades de xeito individual:

Adestramento articulatorio

- Condicionamento muscular:
 - Acadar un to muscular axeitado.
 - Eliminar o traballo muscular innecesario.
 - Disociación muscular.
- Respiración:
 - Aumentar o volume respiratorio.
 - Establecer un patrón correcto de respiración.
 - Facilitar o control da inspiración e exhalación.
 - Acadar unha boa coordinación dos músculos implicados.
 - Adequarese ás necesidades de fonación e voz.
- Posición, postura e actitude:
 - Concienciación da actitude durante o acto vocal.
 - Corrección dos puntos de apoio patolóxicos, dos defectos posturais existentes e o desbloqueo das zonas retraídas.
- Fonación e voz:
 - Establecer unha boa coordinación da respiración e fonación.
 - Acadar un ataque vocal axeitado.
 - Controlar o volume.
 - Facilitar variacións de voz e inflexións.
- Impostación-resonancia:
 - Apertura e ampliación da cavidade vocal.
 - Control e mobilización do velo do paladar.
 - Axilización e flexibilización dos órganos articulatorios.
 - Apoio diafragmático.
 - Relaxación de musculatura de pescozo, ombros e órganos fonoarticulatorios.
- Prosodia:
 - Desenvolver unha prosodia correcta ou polo menos que sirva para mellorar a expresión da linguaxe.
 - Introducir o ritmo, melodía, entoación,...
- Articulación:
 - Praxias: mandíbula, labios, meixelas, lingua.
 - Entradas de colocación.
 - Imitación de fonemas e sílabas: global e específica.

Lectoescritura

- Fonogramas (asociación de sons con signos gráficos).
- Composición escrita.
- Lectura oral.
- Competencia metacognitiva.
- Autoestima.

Conciencia fonolóxica – ruta directa

- Identificar a sílabatónica.
- Traballar a atención, memoria e asociación auditiva.
- Asociar a imaxe coa súa correspondente palabra.
- Discriminar axeitadamente as palabras e asociar coa súa correspondente grafía, á vez que traballa a memoria auditiva e visual.
- Discriminar de forma oral e por escrito entre dúas palabras similares.
- Identificar fonema vogálico medial e coda idéntica.
- Identificar fonema vogálico medial e coda diferente.
- Identificar primeiro segmento consoántico do onset.
- Identificar segundo segmento consoántico do onset.
- Realizar tarefas de síntese, illamento, segmentación e omisión de fonemas.
- Discriminar palabras absurdas (pseudopalabras) entre varias.
- Distinguir sílabas mixtas de sílabas.
- Imitación de secuencias rítmicas.

Lectura expresiva

- Captar o valor fonolóxico da entoación.
- Relacionar a entoación coa puntuación.
- Identificar unha mensaxe coa puntuación que lle corresponde.
- Identificar e relacionar os signos de puntuación coas curvas de entoación.
- Representar graficamente a entoación.
- Puntuar correctamente o texto.
- Interpretar os signos de puntuación e facer unha lectura expresiva.
- Interpretar unha personaxe de teatro.

Lectura comprensiva

- Activar os coñecementos previos.
- Estratexias de análise:
 - Comprensión do vocabulario:
 - Polo contexto.
 - Pola estrutura.
 - Dicionario.
 - Relacións causa-efecto.
 - Inferencias.
- Lembrar detalles.
- Estratexias de síntese:
 - Formular ideas principais.
 - Resumir textos.
 - Esquematización.
- Composición escrita.

Rapidez lectora – eficacia lectora

- Ampliar o campo visual percibido en cada fixación pola toma de indicios de senso pertinentes, sen necesidade de identificar toda a cadeagráfica.
- Diminuír o tempo de fixación por unha mellor discriminación visual e por identificación correcta do vocabulario (distinguindo entre palabras-clave, indispensables para a construción do senso e palabras redundantes).
- Diminuír as regresións oculares ó desaparecer a lectura de tipo alfabéticoe, polo tanto, a necesidade de “reconstruír” cada palabra a partir dos seus compoñentesfónicos.
- Practicar todas as técnicas de lectura non integral; especial atención ás técnicas de lectura selectiva que permiten encontrar con rapidez e seguridade a información que se busca nun texto, sen necesidade de cargar a memoria con outras informacións non pertinentes ó obxectivo dalectura.

Producción de textos

- Expresar as súas ideas e intereses con claridade e orde. Como estas ideas poden expresarse oralmente, non debemos esquecer que o mellor exercicio preparatorio para a produción de textos escritos é aconversación.
- Empregar a linguaxe escrita e as diferentes estratexias de produción de textos, como medio de desfrute, información e ocio.
- Acadar que o/a alumno/a exprese as súas propias experiencias, sentimentos e ideas, mediante a produción de textos narrativos oudescritivos.
- Empregar a linguaxe escrita como instrumento de comunicación con interlocutores aloxados no espazo e no tempo (cartas, noticias,mensaxes,...).
- Valoraralinguaxeescritacomounmedioquenossoserveparaplanificarerealizartarefasconcretas.
- Practicar a planificación, textualización e revisión na construción daescritura.
- Crear a conciencia da provisionalidade do texto escrito e a progresión na súaconstrución.
- Presentarostextos coidando a forma e respectando as normasortográficas:
 - Ordenar ainformación.
 - Separar o relevante dosuperfluo.
 - Engadir máisinformación.
 - Separar todos osparágrafos.
 - Recortar as frases moilargas.
 - Engadir os conectoresaxeitados.
 - Buscar o léxicopreciso.
 - Verificar aortografía.
 - Verificarasconcordancias.
 - Repasar os signos depuntuación.
 - Evitarasrepeticiónsléxicas.
 - Coidar a imaxe xeral doescrito.
 - Comprobar as marxes, títulos,...
 - Coidar a caligrafía, tipografía,mecanografía,...

Sintaxe

- A forma das oracións e do texto:
 - Omisión de elementos morfosintácticos, identificación de elementos morfosintácticos incorrectos e reconstrución de sintagmas desordenados.
 - Que sexa capaz de refacer un texto superficie en función dun significado que deberá anticipar a partir de oracións nas que se omitirán algúns elementos morfosintácticos ou nas que os sintagmas estarán erroneamente colocados ou, incluso, a partir de unidades máis pequenas que o sintagma, que tamén estarán incorrectamente secuenciados.
- Contido das oracións:
 - Análise de oracións.
 - No que se refire ó texto superficie, trátase de que busque os constituíntes da oración: suxeito, verbo, obxecto directo, indirecto e circunstanciais.
 - No que se refire ó texto base, deberá buscar os constituíntes das proposicións: o predicado, axente, paciente, meta, instrumento, modo,...
- Busca dos constituíntes sintácticos:
 - Análise sintáctica. Acadar que o alumno sexa capaz de realizar, mediante a análise sintáctica das estruturas gramaticais, inferencias sinxelas que faciliten a comprensión das oracións.
- Anáforas:
 - Busca de referentes. Sensibilización do profesorado a esta actividade.

Semántica

- Creación de familias semánticas:
 - Creación de familias semánticas de forma oral. Que o alumnado chegue á conclusión de que as palabras pódense relacionar entre sí de moitas formas.
 - Creación de familias semánticas con imaxes. Descubrir as relacións entre termos por medio da clasificación.
 - Creación de familias semánticas por escrito. Trátase dunha posta en práctica do traballado nos dous exercicios anteriores pero con menos axudas orais ou visuais.
 - Poner nome a familias semánticas. Inténtase lograr a indución de características comúns a unha serie de termos e o seu etiquetado como pertencentes a un mesmo paquete de información.
 - Elaboración de mapas semánticos. Lograr unha expresión esquemática e organización en categorías das relacións entre termos.
 - Separación de familias semánticas. Trátase de diferenciar grupos de significados relacionados.
- Creación de relacións semánticas:
 - Relacións semánticas entre dous termos. Trátase de buscar relacións entre palabras que en principio non teñen nada en común.
 - Cadeas de relacións semánticas. As relacións téñense que encadear ata chegar a unha palabra determinada.
 - Láminas temáticas. Aprender listas de vocabulario.
- Sinónimos e antónimos:
 - Empregar antónimos. Traballar coa relación entre opostos: o alumno só debe relacionar termos que estean dispoñibles.
 - Escribir o antónimo. Búscase a evocación do antónimo para o que o alumno ten que percibir a característica fundamental dun concepto, atopar o seu oposto e unha palabra que teña esa característica oposta.
 - Empregar sinónimos. Activar a busca de matices compartidos.
 - Escribir o sinónimo. Búscase a evocación dunha palabra que comparta a mesma característica fundamental que outra.
 - Substituír nunha frase unha palabra polo seu sinónimo. Combinar a decisión sobre cal significado é o máis axeitado para unha palabra co traballado sobre sinónimos.
- Categorización:
 - Identificación do termo que non está relacionado cos outros. Identificar que teñen en común un grupo de palabras para poder decidir cal é a estraña.
 - Continuar unha lista de termos. Pídese a inclusión de novos termos na categoría.
 - Completar progresións. A inclusión de termos novos debe cumprir outro criterio: un determinado grado.
 - Xogos de categorías. Buscar palabras pertencentes a determinadas categorías.
- Activación de coñecementos previos:
 - Activación de coñecementos previos. Facer predicións acerca do que se vai a atopar no texto e organizar as novas ideas de forma significativa.
- Adiviñas:
 - Preguntas para responder “sí” ou “non”. Desenrolar a formulación de hipóteses.
 - Adiviñas. Atopar o termo que se busca a partir de indicios.
- Exercicios con prefixos e sufixos:
 - Formar o contrario dunha palabra engadindo un prefixo. Transformar unhas palabras noutras.
 - Formar familias léxicas engadindo sufixos a unha raíz. Operar cos lexemas e morfemas das palabras, o que permite unha aproximación ó seu significado por analogía con outras palabras que o comparten.

Mecanismo de supresión

- Detección de mensaxes incongruentes:
 - Producir mensaxes incongruentes. Producción intencional de información incongruente.
 - Inventos. Preténdese que a través dos coñecementos do mundo que teñen os alumnos detecten as incongruencias de certas propostas.
 - Explicación de mensaxes absurdos. Que aprenda a identificar as condicións que poden facer que o significado dunha frase que está ben construída sexa incongruente.
 - Identificar mensaxes absurdos. Facerlle decidir se a información que se lle dá ten senso ou non.
- Supresión de información incongruente:
 - Selección de termos asociados congruentes co senso que se lle quere dar a unha palabra. Axudar ao alumno a seleccionar só aqueles termos asociados que lle faciliten a comprensión da oración ou do texto.
 - Selección de termos asociados congruentes co senso dunha oración. Continuar co traballado no anterior, pero engadindo un contexto lingüístico que o alumno debe interpretar para saber qué senso dar a unha palabra.
- Selección da información consenso:
 - Atopar unha frase intrusa. O alumnado debe ter moi claro o senso dun texto, posto que a frase intrusa é, sintacticamente correcta e pode ter certa familiaridade con algúns aspectos dos que está falando.

Construción de inferencias

- Exercicios de debuxos:
 - Ditado de debuxos. O oínte elabora e conecta información da que dispón.
 - Debuxo de textos. Formar un modelo mental do texto.
- Selección de inferencias:
 - Selección entre dúas alternativas. Presentar exemplos de cómo se poden realizar inferencias que desenrolen explicativamente textos con partes que non parecen ter unha conexión directa.
 - Identificación de inferencias correctas e incorrectas. Que o alumnado repita con axuda o proceso de realizar unha inferencia, xa que debe xulgar se as que se lle ofrecen son válidas ou non.
- Explicitación de inferencias:
 - Completar historias debuxadas. Iniciar ao alumno na explicitación de inferencias a través dunha tarefa fácil nas que máis que inferir debe lembrar.
 - Explicitación de causas e consecuencias. Inferir a conexión que existe entre causas e consecuencias.
 - Completar textos. Inferir a información necesaria para conectar fragmentos de texto.
- Traballo con “guións” e “esquemas”:
 - Comprensión de situacións sociais. Asegurar que os alumnos coñecen como funcionan ou suceden algunhas situacións, obxectos e persoas, e son capaces de facelas explícitas.
- Traballo contextos:
 - Preguntas para facer inferencias. Que o alumnado teña en conta detalles que completan o que está explícito no texto, ou que son necesarios para seguir o texto.

8.- Estratexias e recursos

No desenvolvemento das liñas de actuación antes expostas, o Departamento de Orientación recorrerá, segundo demande o caso, a estratexias diversas de intervención como poden ser:

- Emprego de: cuestionarios, entrevistas, observación, revisión de documentación, probas de avaliación psicopedagóxica,...
- Aplicación e seguimento de programas diversos, tanto de elaboración propia como xa publicados: de técnicas de traballo intelectual, de comprensión lectora, específicos para determinados colectivos (por exemplo dirixidos a alumnos/as con problemas de hipoacusia),...
- Realización de reunións informativas tanto co profesorado, como cos pais/nais dos alumnos/as.
- Establecemento de contactos e coordinación con outros servizos externos ao centro: outros Departamentos de Orientación, Servizo de Inspección Educativa, Equipo de Orientación Específico, Servizos Sociais do Concello,...

Todas estas estratexias deberán partir da base constituída polos postulados presentados dende:

- O **enfoque constructivista** das aprendizaxes escolares e da intervención pedagóxica.
- E dende o **enfoque sistémico** da intervención psicopedagóxica.

Así mesmo, para o desenvolvemento de todas as estratexias mencionadas, faise necesario contar con diversidade de recursos técnicos e materiais, os cales se irán adquirindo (en caso de que non se conte con eles) segundo as necesidades que vaian xurdindo ao longo de todo o curso.

Pero ante todo, hai que sinalar que o máis importante de todos os recursos cos que se pode contar é o que fai referencia ao aparato humano existente de cara a traballar no ámbito da atención á diversidade, o cal ven constituído por:

- O equipodirectivo.
- O Xefe do Departamento de Orientación.
- O profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- O profesorado que atende ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- O profesorado enxeral.
- E, por suposto, ás familias de dito alumnado.

9.- Avaliación do plan

A avaliación da labor a desenvolver no ámbito da atención á diversidade, tal e como se recolle no *Decreto 229/2011*, realizarase de acordo cos datos recollidos no correspondente proceso de seguimento e avaliación, elaborando a correspondente memoria, e establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora.

Tendo en conta o anteriormente sinalado, a proposta de concreción anual do PXAD que se recolle no presente documento é globalmente avaliable, así como cada unha das súas propostas a nivel particular, para valorar tanto o seu grao de adecuación, coma para ver se a selección de contidos, así como a súa organización, é a máis axeitada ou precisa dalgunha modificación.

Deberá ser levada a cabo polo propio Departamento de Orientación, coa colaboración do profesorado e dos pais/nais implicados/as, e co apoio da Xefatura de Estudos. Tamén poderán participar en dita avaliación o propio alumnado, pois eles/as son os/as principais beneficiarios/as da acción desenvolvida dende este ámbito. Polo tanto, poderíanse sinalar distintos niveis de avaliación da atención á diversidade:

- A nivel de alumnado.
- A nivel de profesorado-titor (e profesorado enxeral).
- A nivel de pais/nais do alumnado implicado.
- E a nivel de Xefatura de Estudos e de Departamento de Orientación.

Finalmente, cabe sinalar que as modificacións do presente documento que se crea conveniente realizar, levaranse a cabo con carácter xeral ao remate de cada ano académico, incorporando ao mesmo as aclaracións, engadidos,... que se consideren oportunos de cara a unha maior e mellor optimización da labor a desenvolver. E tamén se procederá á modificación do PXAD no momento en que se produzan cambios na lexislación que modifiquen substancialmente a normativa referente á atención á diversidade.